

## **Medidas de loita contra a Morosidade nas Operacións Comerciais**

*O pasado día 7 de Xullo de 2010 entrou en vigor a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais realizadas entre as empresas e os autónomos no exercicio da súa actividade económica ou profesional e coas Administracións Públicas e os entes, organismos e entidades que forman parte do sector público.*

### **Principais Novidades:**

De acordo coa nova norma aprobada, as partes xa non van poder pactar libremente o establecemento de prazos de pago superiores aos que se fixan na propia lei. Unha vez superados estes, o debedor incorrerá automaticamente en mora e haberá de abonar os intereses de demora correspondentes e as indemnizacións oportunas. De feito, a nova lei mesmo sinala expresamente que no cómputo dos prazos han de entenderse incluídos todos os días naturais do ano e que serán nulos e teranse por non postos os pactos que exclúan os períodos considerados vacacionais.

- **Ámbito de aplicación.**

No que respecta ao seu ámbito de aplicación, é importante sinalar que a nova lei é aplicable a todos os pagos realizados por operacións comerciais entre empresas, autónomos e as Administracións Públicas, así como aos que leven a cabo entre os contratistas principais e os seus provedores ou subcontratistas, aínda que se exclúen expresamente as seguintes operacións comerciais:

- a) Os pagos nos que interveñan consumidores.
- b) Os intereses relacionados coa lexislación en materia de cheques, pagares e letras de cambio.
- c) Os pagos de indemnizacións por danos, incluídas os pagos efectuados polas entidades aseguradoras.
- d) As débedas sometidas a procedementos concursais.

- **Determinación do prazo de pago.**

No que incumbe ás Administracións Públicas e ás entidades que integran o sector público, prevese un procedemento específico para facer efectivas as súas débedas, a obrigación das Entidades Locais de crear un rexistro de facturas e a creación dunha nova liña de crédito ICO morosidade para que estas últimas poidan facer fronte ás súas débedas con empresas e autónomos, establecéndose os seguintes prazos de pago, desde a data de expedición das certificacións de obras ou dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato:

1. 07/07/2010 – 31/12/2010: 55 días.

2. 01/01/2011 – 31/12/2011: 50 días.
3. 01/01/2012 - 31/12/2012: 40 días.
4. A partir de 01/01/2013: 30 días

Pola súa banda, as empresas e os autónomos deberán pagar desde a data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos, nos seguintes prazos:

1. 07/07/2010 – 31/12/2011: 85 días.
2. 01/01/2012 – 31/12/2012: 75 días.
3. A partir de 01/01/2013: 60 días.

Tamén é preciso advertir que existen tres réximes ou situacións especiais:

- a) Os pagos no sector do libro, a expensas de regulación regulamentaria polo Goberno.
- b) Os pagos no sector dos produtos de alimentación frescos e perecedoiros, nese caso, desde que entrou en vigor a Lei, o prazo de pago non poderá exceder de 30 días a partir da data de entrega das mercadorías.
- c) Os pagos daquelas empresas construtoras de obra civil que manteñan vivos contratos de obra coas Administracións Públicas, posto que durante 2 anos estas empresas poderán acordar cos seus provedores e/ou subcontratistas o seguinte calendario de prazos máximos de pago:

1. 07/07/2010 – 31/12/2011: 120 días.
2. 01/01/2012 – 31/12/2012: 90 días.
3. A partir de 01/01/2013: 60 días.

#### ▪ **Obrigacións Formais**

Os provedores deberán facer chegar a factura ou solicitude de pago equivalente aos seus clientes antes de que se cumpran 30 días desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou prestación dos servizos, existindo a posibilidade de agrupar facturas nunha única, referida ás entregas ou servizos realizados ao longo dun período non superior a 15 días e que as sociedades deberán publicar de forma expresa as informacións sobre prazos de pago aos seus provedores na memoria das súas contas anuais.